

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA PARA A UTILIZACIÓN EN PLACAS, PATENTES E OUTROS DISTINTIVOS, DO ESCUDO MUNICIPAL.**



## **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades que conceden os artigos 133.2 e 142 da Constitución e o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co que sipoñen os arts. 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pola utilización do escudo do municipio " que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó que prevé no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

## **Artigo 2º.- Feito imponible.**

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a autorización e uso prorrogado para utilizar o Escudo do Municipio en placas, marcas, nomes ou usos comerciais e industriais, membretes, logotipos, etiquetas e outros distintivos análogos, con fins particulares e a instancia dos interesados.

2.- Non estará suxeita a esta taxa a utilización do Escudo do Municipio que fora imposta con carácter obrigatorio por este Concello.

## **Artigo 3º.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da autorización para o uso do Escudo do Municipio.

## **Artigo 4º.- Responsables.**

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## **Artigo 5º.- Exencións.**

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que sexan titulares de empresas que exploten servizos públicos municipalizados con carácter de monopolio.

## **Artigo 6º.- Cota tributaria.**

A liquidación da cota regularáse con arranxo a seguinte:

### TARIFA

Por cada autorización para a utilización do Escudo do Municipio .-  
1.303 ptas/ano

## **Artigo 7º.- Obriga de pagamento.**

1.- Cando se trate a solicitude para a utilización do Escudo Municipal se obriga o pagamento e nace a obrigación de contribuir dende que este Concello autorice a citada utilización. No obstante, poderáse entender a obriga de pagamento da taxa no momento de

presentación da solicitude.

2.- A cota anual por utilización do Escudo obrigará o pagamento o mesmo día dende o que se entenda autorizada aquela e, con posterioridade, o primeiro día de cada ano.

### **Artigo 8º.- Declaración.**

1º.- A autorización para utilizar o Escudo do Municipio outorgarásese a instancia de parte e, unha vez que se concedeu , entenderásese tácita e anualmente prorrogada en tanto o seu titular non renuncie expresamente a aquela.

2º.- A concesión da autorización de uso do Escudo do Municipio entenderásese outorgada á persoa ou entidade que a solicitara, a quen se lle suceda deberá de obter novamente a autorización e pagar as cotas correspondentes por esta taxa.

### **Artigo 9º.- Ingreso da taxa.**

1.- Cando se trate da primeira autorización liquidarásese e esixirásese a taxa unha vez que se conceda a autorización. Non obstante, os Concello poderán liquidar e esixir a taxa no momento de presentar a solicitude, en concepto de depósito previo.

2.- Cando se trate de autorizacións que se concederon e prorrogadas liquidarásese e esixirásese polo padrón nos períodos que se sinalan nas tarifas da taxa, ou ben no período que determine o Alcalde-Presidente.

### **Artigo 10.- Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como

das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

## **DISPOSICION DERRADEIRA**

O texto da presente ordenanza fiscal substitúe e derroga ó da anterior que aprobou o Pleno en sesión de data 25.11.1999 e entrará en vigor e será de aplicación ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

O alcalde, O secretario,

## **DILIXENCIA:**

**Para facer constar** que o texto da presente Ordenanza publicouse íntegramente no B.O.P. núm. 55 con data do 8 de marzo do 2000.

O secretario,